



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **31 de maio de 2022** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

III.- Expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "O Castelo, Lombeiro e Regueiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Edreira e Val da Pala", a favor da CMVMC de Hedreira, no Concello da Veiga. Comparece en representación dos veciños Hugo Rodríguez García.

O Xurado comunica ao comparecente a súa decisión de acordar a clasificación do monte, unha vez publicado polo Concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 14 de xuño de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado O Castelo, Lombeiro e Regueiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Hedreira e Val da Pala a favor dos veciños/as da parroquia de Hedreira, no concello da Veiga.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 31 de maio de 2022, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado O Castelo, Lombeiro e Regueiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Hedreira e Val da Pala a favor dos veciños/as da parroquia de Hedreira (Santa Comba), no concello da Veiga (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 21 de novembro de 2019 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Comunidade de Hedreira, no cal solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas O Castelo, Lombeiro e Regueiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Hedreira e Val da Pala.

Segundo. Con data do 22 de setembro de 2021, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instrutor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que figura no expediente, descríbese así:



– Nome do monte: O Castelo, Lombeiro e Regueiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Hedreira e Val da Pala.

– Superficie: 15,37 ha (segundo os datos catastrais).

– Pertenza: CMVMC de Hedreira.

– Parroquia: Hedreira (Santa Comba).

– Concello: A Veiga.

– Descrición das parcelas que constitúen o monte:

Nas seguintes táboas indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación, así como as das estremeiras.

– Predio 1: O Castelo.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
32084A07700417 000700400PG78A	Norte	32084A07700195 32084A07700194 32084A07700191 32084A07700190 32084A07709005 32084A07700230 32084A07700187 32084A07700189 32084A07700188 32084A07700186 32084A07700185 32084A07700184 32084A07700182 32084A07700183
	Leste	32084A07709005 32084A07700043 32084A07700042 32084A07700041 32084A07700043



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
	Sur	32084A07700039 32084A07700040 32084A07700035 32084A07700031 32084A07700030 32084A07700029 32084A07700023 32084A07700022 32084A07700021 32084A07700020 32084A07700017 32084A07700016 32084A07700018 32084A07700444 000700800PG78A 000700700PG78A 32084A07709005 000700500PG78A 32084A07700007 32084A07700010 32084A07700009 001200300PG78A
	Oeste	32084A07700497 32084A07700011 32084A07709004 32084A07700015 32084A07700014 32084A07409003 000700600PG78A 32084A07700438

– Predio 2: Lombeiro e Regueiro.

Estes terreos constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. As parcelas catastrais están separadas polos camiños coas referencias catastrais 32084A07509006 e 32084A07409007.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
32084A07500364 32084A07500365 32084A07400577	Norte	32084A07500356 32084A07500357 32084A07500358 32084A07500363 32084A07400076 32084A07400066 32084A07400065 32084A07400064 32084A07400060 32084A07400057 32084A07400056 32084A07409009 32084A07400016 32084A07400018 32084A07400017 32084A07400015 32084A07400604 32084A07400022 32084A07409008



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
	Leste	32084A07400013
	Sur	32084A07409001 32084A07400014 32084A07400061 32084A07400062 32084A07400063 32084A07500315
	Oeste	32084A07500316 32084A07500317 32084A07500318 32084A07500319 32084A07500320 32084A07500321 32084A07509006 32084A07500354 32084A07500355

– Predio 3: Pedregal.

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
32084A08000700	Norte	32084A07609012 32084A08000408 32084A08000409 32084A08000410
	Leste	32084A08000415 32084A08000416 32084A08000418 32084A08000419 32084A08000420 32084A08000424 32084A08000195 32084A08000193
	Sur	32084A08000196 32084A08000207 32084A08000208 32084A08000209 32084A08000210 32084A08000212
	Oeste	32084A08000213 32084A08000214 32084A08000215 32084A08000220 32084A08000221



– Predio 4: Cruz.

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
32084A07601360	Norte	32084A07600963
	Leste	32084A07600954 32084A07600953 32084A07600952 32084A07600951 32084A07600950 32084A07609008 32084A07601357 32084A07601356 32084A07601355 32084A07601359
	Sur	32084A07609008
	Oeste	32084A07600877 32084A07600876 32084A07600866 32084A07600875 32084A07600880 32084A07600878

– Predio 5: Cruz da Hedreira.

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
32084A07600854	Norte	32084A07600853
	Leste	32084A07600856 32084A07600768 32084A07600767 32084A07600766 32084A07600765 32084A07600764
	Sur	32084A07600759 32084A07600758 32084A07600757 32084A07600756 32084A07600755
	Oeste	32084A07600846 32084A07600844



– Predio 6: Val da Pala.

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
32084A08100458	Norte	32084A08100703 32084A08100704 32084A08100705 32084A08100706 32084A08100707 32084A08100476 32084A08100471
	Leste	32084A08100460 32084A08100459 32084A08100455 32084A08100456 32084A08100457
	Sur	32084A08100444 32084A08100443 32084A08100442 32084A08100440 32084A08100439 32084A08100438
	Oeste	32084A08109003

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da dita Lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.



Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común acreditouse mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:


Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado O Castelo, Lombeiro e Regueiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Hedreira e Val da Pala a favor dos veciños/as da parroquia de Hedreira (Santa Comba), no concello da Veiga (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.


Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Ourense, 14 de xuño de 2022



Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de Ourense






Informe previo para a clasificación dos montes denominados "O Castelo, Lombeiro e Requeiro, Pedregal, Cruz, Cruz da Edreira e Val da Pala" como MVMC a favor da CMVMC de Hedreira no concello de A Veiga



<ul style="list-style-type: none">  Terreos incluídos na solicitude  Parcelas catastrais de A Veiga 	Escala 1:3000 xullo de 2021	Sistema de Referencia ETRS89 Coordenadas UTM Fuso 29	<small> Base Cartográfica: PNOA 2020 e cartográfica vectorial da "Dirección Xeral do Catastro" actualizada a xaneiro de 2021 </small>
---	--------------------------------	--	---